

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ORDE do 7 de xuño de 2011 pola que se determinan as épocas hábiles de caza durante a tempada 2011-2012.

O artigo 42 da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, establece a obriga de regular anualmente mediante orde as épocas hábiles de caza para as distintas especies cinexéticas, as limitacións ao exercicio da caza, os réximes especiais necesarios e a normativa aplicable nos terreos de réxime cinexético común.

En cumprimento do disposto no artigo 42 da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, oídos os comités provinciais e o Comité Galego de Caza, no uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta e da súa Presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro, e 7/2002, do 27 de decembro, e de conformidade co disposto no Decreto 318/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo de Galego de Garantía Agraria, en relación co Decreto 8/2011, do 28 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia,

DISPOÑO:

TÍTULO I

Normas de carácter xeral

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde de vedas regula os períodos hábiles de caza, as especies sobre as que se poderá exercer, os métodos autorizados para a súa práctica e as limitacións xerais ou particulares que afectarán o exercicio da actividade cinexética no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia durante a tempada 2011-2012, considerada esta como o período comprendido entre o 1 de agosto de 2011 e o 31 de xullo do ano 2012.

Artigo 2. *Período hábil para a caza.*

O período hábil para exercer a caza, válido con alcance xeral, será o comprendido entre os días 16 de outubro de 2011 e o 6 de xaneiro de 2012, ambos inclusive, na Comunidade

Autónoma de Galicia, coas excepcións que para cada especie se sinalan no título V de esta orde. Os días da semana en que se permitirá o seu exercicio dependerán de que se trate dunha ou doutra das modalidades de caza maior ou menor e veñen detallados nos títulos II e III desta orde que se refiren a cada unha delas, así como nas limitacións sinaladas no título V desta orde.

Nos terreos sometidos a réxime cinexético especial en que se inclúan zonas de caza permanente e de adestramento de cans conforme o disposto no artigo 8 do Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia, serán de cumprimento todas as disposicións recollidas nesta orde, salvo aquelas que expresamente se determinen na resolución que estableza a súa autorización.

Nas zonas de caza permanente reflectidas nos plans de ordenación cinexética do correspondente Tecor autorízase a caza sementada de paspallás e perdiz, todos os días do ano. Igualmente, poderase autorizar a caza sementada de coello de monte e faisán.

Artigo 3. *Venda, transporte e comercio das pezas de caza.*

1. Só poderán ser obxecto de venda, transporte ou comercio as especies silvestres cazables que se relacionan no anexo II desta orde. Isto poderase realizar unicamente durante a tempada hábil de caza para cada especie. O tráfico ou comercio de especies de protección temporal nas provincias onde a súa captura estivese prohibida precisará dunha guía expedida polo organismo competente que xustifique a súa procedencia.

2. Os exemplares de especies cinexéticas, procedentes de explotacións industriais, así como os seus ovos cando se trate de aves, poderanse comercializar en calquera época do ano, logo da acreditación suficiente da súa orixe e do cumprimento dos requisitos fixados no artigo 2 do Real decreto 1118/1989, do 15 de setembro, e demais normativa de ámbito sanitario.

Artigo 4. *Repoboacións cinexéticas.*

A posta en liberdade de animais silvestres vivos de carácter cinexético requirirá autorización previa do xefe territorial da Consellería do Medio Rural da provincia correspondente, conforme o artigo 31 da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia. Na solicitude de autorización deberanse facer constar as especies, o número e a procedencia dos exemplares que se propón adquirir, así como a adecuación de tal propósito ás previsións do plan técnico de aproveitamento cinexético que afecta o terreo onde vaian ser liberados os espécimes.

TÍTULO II

Caza menor

Artigo 5. Días hábiles.

Considéranse días hábiles de caza os xoves, domingos e festivos de carácter estatal e autonómico.

Artigo 6. Limitacións de carácter xeral.

1. Naqueles terreos de réxime cinexético común en que, en virtude do establecido no artigo 9. 3 da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, estea permitido o exercicio da caza ao contar cunha superficie continua superior ás 500 ha, a cota máxima por cazador e día será dunha perdiz rubia e dous coellos.

2. Nos terreos de réxime cinexético especial as cotas serán as que se establezan nos correspondentes plans de aproveitamento.

Artigo 7. Métodos e modalidades de caza.

1. Na práctica da caza menor, con ou sen cans, nos terreos de aproveitamento cinexético común non se poderá cazar en grupos maiores de seis cazadores, nin cazar coordinadamente máis dun grupo. Cada cazador poderá cazar como máximo con catro cans, cun máximo de 16 por grupo.

2. Mentres non haxa unha regulación específica da cetraría na Comunidade Autónoma de Galicia, o Servizo de Conservación da Natureza, por delegación do director xeral de Conservación da Natureza, poderá autorizar o exercicio desta modalidade de caza.

Artigo 8. Adestramento de cans e aves de cetraría.

1. Autorízase o adestramento de cans, sen petición previa, desde o 1 de setembro ata o 15 de outubro de 2011, os xoves, sábados, domingos e festivos de carácter estatal ou autonómico. Desde o 16 de outubro ata o remate da tempada hábil de caza menor poderanse adestrar eses mesmos días, excepto os sábados, en todo caso, sen armas nin calquera outro medio de caza e evitando que se produza a captura da peza. O número máximo de cans por cazador será de catro e de 16 por grupo constituído por un máximo de seis cazadores, sexa cal sexa o tipo de réxime do terreo cinexético en que se realice o adestramento.

2. Autorízase o adestramento de cans en terreos de réxime cinexético especial, nas zonas destinadas para ese fin, sen petición previa, ao longo de todo o ano, agás nos meses de maior sensibilidade para a cría das especies presentes na zona, cun mínimo de dous meses de suspensión, que serán propostos polo titular do espazo cinexético no Plan anual de aproveitamentos escollidos no período que vai de abril a xullo, entendéndose, no seu defecto, que se corresponden cos meses de maio e xuño.

3. Autorízase o adestramento na modalidade de cans atrelados en terreos de réxime cinexético especial, en toda a superficie e ao longo de todo o ano, agás nas épocas sensibles de cría, determinándose esta época conforme o exposto no parágrafo anterior, e coas seguintes condicións: ter o can atrelado e controlado en todo momento, non molestar en ningún caso as especies cinexéticas, non achegarse ao cocho da peza, un can por cazador e coa autorización do titular do Tecor ou explotación cinexética.

4. Os titulares de terreos de réxime cinexético especial extremarán as precaucións e adoptarán as medidas de seguridade precisas para evitar accidentes ou calquera interferencia durante a realización de ganchos ou montaría, no período que coincida co permitido para o adestramento de cans, e non poderán realizar o adestramento na mesma mancha onde se realiza o gancho ou montaría.

5. Con fins de competición, logo do informe da Federación Galega de Caza, os servizos de Conservación da Natureza, por delegación do director xeral de Conservación da Natureza, poderán autorizar o adestramento de cans de rastro e mostra e das aves de cetraría, con caza sementada, en calquera época do ano nos lugares autorizados para estes fins.

6. En calquera actividade de adestramento de cans e aves de cetraría será obrigatorio portar a licenza de caza e demais documentación precisa.

Artigo 9. *Competicións de caza.*

A Federación Galega de Caza ou as sociedades de cazadores, logo da súa autorización, poderán celebrar competicións de caza en terreos de réxime cinexético especial, os xoves, sábados, domingos e festivos. Nas competicións poderanse abater pezas de caza silvestres cando se realicen durante a tempada hábil de caza e ao longo de todo o ano, se se realizan con caza sementada ou sen morte da caza.

TÍTULO III Caza maior

Artigo 10. *Días hábiles.*

Considéranse días hábiles de caza, con carácter xeral, os xoves, domingos e festivos de carácter estatal ou autonómico, coas excepcións que se recollen nesta orde.

Artigo 11. *Métodos e modalidades de caza.*

1. A realización de montarías ou ganchos en terreos de réxime cinexético especial requirirá a notificación previa ao Servizo de Conservación da Natureza correspondente, que deberá ser efectuada polo menos cunha antelación de 10 días. Tamén se poderá comunicar mediante un calendario que abarque toda a tempada. Tanto a solicitude como a súa realización deberanse axustar ao disposto na Lei de caza de Galicia e no seu regulamento.

2. Nos terreos de réxime cinexético común en que en virtude do establecido no artigo 9.3º da Lei 4/1997, de caza de Galicia, estea permitido o exercicio da caza ao contar cunha superficie continua superior ás 500 ha, a caza maior só se poderá exercer os sábados e na modalidade de gancho ou montaría, cos requisitos que se dispoñen na Lei de caza de Galicia e no seu regulamento e a autorización previa do Servizo de Conservación da Natureza correspondente, por delegación do director xeral de Conservación da Natureza.

3. A solicitude e a realización dos ganchos e montarías, así como as medidas precautorias, normas de seguridade e responsabilidade, estarán suxeitos aos requisitos que preveña a Lei de caza de Galicia e o seu regulamento. Se por calquera circunstancia algún dos ganchos ou montarías autorizados non se puidese efectuar no lugar e na data fixados, en ningún caso se poderá trasladar a súa realización a outra data ou lugar.

4. Nos ganchos e montarías, o seu responsable deberá levar no seu poder, en todo momento, a autorización correspondente. A relación completa de participantes, encabezada por el, cos respectivos nomes e números do DNI, deberá estar confeccionada no momento da colocación dos cazadores nos postos.

5. Nos terreos de réxime cinexético especial, cando se realice un gancho ou montaría, poderase disparar a todas as pezas de caza maior que se atopen en período hábil de caza e que estean recollidas no Plan de Ordenación Cinexético e no Plan de aproveitamentos anual e sempre que non se teña cuberta a cota de capturas. Coas mesmas premisas poderáselle disparar ao raposo utilizando armas e municións propias da caza maior sempre que se faga constar na solicitude.

Artigo 12. *Pezas de caza.*

1. Nos plans de aproveitamento dos terreos de réxime cinexético especial e nas autorizacións concedidas para o exercicio da caza maior nos terreos de aproveitamento cinexético común, especificaranse as pezas de caza por especie, sexo e idade sobre as cales se poderá exercer a caza.

2. En todo caso, nunca se poderán incluír como pezas de caza:

a) As femias de especies de caza maior cando vaian acompañadas das súas crías.

b) Os machos inmaturos das especies corzo, cervo e gamo.

c) Os machos adultos que efectuasen a esmouca antes do peche do seu período hábil de caza.

Todos os animais de caza maior, que fosen abatidos, deberán ser identificados mediante unha precintaxe, que lles será facilitada aos titulares dos terreos cinexéticos, pola Consellería do Medio Rural, logo do pagamento da correspondente taxa, e que deberá colocarse de xeito que non se poida quitar sen realizar a súa destrución.

TÍTULO IV Caza por danos

Artigo 13. *Danos producidos pola caza.*

1. Co fin de reducir os danos que se poidan producir na agricultura, na gandaría, na silvicultura, na circulación viaria, na flora e fauna silvestres, os servizos de Conservación da Natureza poderán acordar medidas de control. Fóra do período hábil de caza, estas medidas adoptaranse, logo de comprobación dos danos existentes polos axentes de Conservación da Natureza, seguindo directrices expresamente establecidas pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

2. As principais medidas de control fronte aos danos por especies que se poderán adoptar son as seguintes:

a) Lobo (*Canis lupus*): por danos constatados desta especie, poderanse autorizar esperas, ganchos ou montaría durante todo o ano, salvo nos meses de abril, maio e xuño, en que a especie está criando. A existencia de danos deberá ser comunicada ao Servizo de Conservación da Natureza tan axiña como sexa posible co fin de proceder á súa comprobación, como requisito previo á autorización por delegación do director xeral de Conservación da Natureza, da práctica cinexética sobre esta especie. Os solicitantes de cada gacho, montaría ou espera autorizados deberán informar dos seus resultados por escrito ao Servizo de Conservación da Natureza correspondente nun prazo máximo dos cinco días hábiles seguintes ao da súa realización. O incumprimento deste requisito poderá supoñer a non autorización doutros e a anulación automática dos xa autorizados.

b) Xabaril (*Sus scrofa*): co fin de reducir os danos producidos por esta especie, logo de comprobar a existencia daqueles, os servizos de Conservación da Natureza poderán autorizar, por delegación do director xeral de Conservación da Natureza, a realización de ganchos, montarías ou esperas. As solicitudes deberanse presentar no prazo mais breve posible a partir da detección dos danos, de modo que permita a súa comprobación polo servizo antes mencionado. Os titulares dun Tecor tamén poderán solicitar a adopción destas medidas de control nas zonas de adestramento permanente para cans e zonas de reserva que teñan autorizadas. Os solicitantes dos ganchos, montarías ou esperas autorizados deberán informar por escrito dos resultados destes ao Servizo de Conservación da Natureza correspondente, nun prazo máximo dos 10 días seguintes aos da súa realización. O incumprimento deste requisito poderá supoñer a non autorización de máis ganchos ou montarías e a anulación automática dos xa autorizados.

Nos concellos que se relacionan no anexo IV desta orde poderanse adoptar medidas excepcionais, fóra da temporada de caza, que tendan a reducir as poboacións de xabaril, para evitar os danos que causan nos cultivos agrícolas.

Nestes concellos, as autorizacións de caza por danos realizaranse de xeito inmediato, non sendo necesaria a comprobación dos mesmos, ao entenderse que resultan acreditados no seguimento realizado por esta consellería ao longo destes últimos anos en toda Galicia.

Por petición do titular do Tecor, os exemplares capturados nas actuacións cinexéticas autorizadas por danos poderán non ser tidos en conta no cómputo da cota anual de capturas.

c) Corzo (*Capreolus capreolus*): co fin de reducir os danos producidos por esta especie, poderase proceder de igual forma que no caso do xabaril.

d) Raposo (*Vulpes vulpes*): co fin de apoiar a consecución da finalidade perseguida polas actuacións de xestión realizadas nos Tecor, poderase autorizar por parte dos servizos de Conservación da Natureza, por delegación do director xeral de Conservación da Natureza, a realización de ganchos ao raposo nas zonas de adestramento permanente para cans e nas zonas de reserva que teñan aprobadas os Tecor. As solicitudes deberanse presentar no prazo máis breve posible a partir da detección dos danos, de xeito que permitan a súa comprobación polo servizo antes mencionado. Os solicitantes dos ganchos deberán informar por escrito dos resultados destes ao Servizo de Conservación da Natureza correspondente, nun prazo máximo dos 10 días seguintes aos da súa realización. O

incumprimento deste requisito poderá supoñer a non autorización de máis ganchos e a anulación automática dos xa autorizados.

3. Para os danos producidos, tanto polo lobo como polo xabaril ou polo corzo, en terreos cinexéticos de réxime especial, as solicitudes serán formuladas polo titular do dereito de aproveitamento, pero nelas recolleranse obrigatoriamente as sinaturas da ou das persoas prexudicadas polos danos detectados. En terreos de aproveitamento cinexético común, as solicitudes serán formuladas pola ou polas persoas prexudicadas polos danos detectados.

4. O director xeral de Conservación da Natureza establecerá limitacións temporais á adopción destas medidas de control co fin de evitar alteracións nas poboacións de fauna silvestre e non interferir na súa cría e reprodución. Os servizos de Conservación da Natureza prestaranlles asesoramento técnico ás persoas afectadas polos citados danos, para a adopción de medidas alternativas de prevención e protección para as persoas ou na agricultura, na gandaría, nos montes ou na flora e fauna silvestres.

5. A carne das reses que se abatan en época de veda, como consecuencia da adopción de medidas de control, non poderá ser obxecto de venda ou comercio.

6. As pezas de caza maior que se abatan como consecuencia da adopción de medidas de control deberán ser identificadas mediante precintaxes que serán facilitadas pola Concellería do Medio Rural de balde.

Artigo 14. *Aves prexudiciais para a agricultura e a caza.*

En virtude do disposto no artigo 9 da Directiva 79/409/CEE, poderanse autorizar a caza e captura de aves que lles poidan causar danos aos cultivos agrícolas e á fauna.

As persoas interesadas deberán formular unha solicitude dirixida ao director xeral de Conservación da Natureza na cal se fará constar:

- a) Especie que se pretende cazar ou capturar.
- b) Os prexuízos causados ou os riscos que se poidan producir, así como a súa magnitude.
- c) Que fosen probadas técnicas disuasorias sen éxito.
- d) Expresión do método, do tempo e do lugar onde se pretenden cazar as aves prexudiciais.

Será preceptivo o informe do Servizo de Conservación da Natureza correspondente sobre os danos existentes, no cal se indicará se os danos foron causados ou non polas especies citadas. Se non fose posible establecer razoablemente a orixe dos danos, dene- garase a solicitude.

TÍTULO V Réximes especiais por especies

Artigo 15. *Réximes especiais por especies, aprobados despois de oídos os comités provinciais de Caza e o Comité Galego de Caza.*

As regulamentacións específicas nos terreos de réxime cinexético especial aprobadas polos servizos de Conservación da Natureza, por delegación do director xeral de Conservación da Natureza, por proposta dos titulares, en que se establezan vedas e peches anticipados dos distintos períodos hábiles, serán de obrigado cumprimento. A infracción das limitacións ou prohibicións que regulen as ditas regulamentacións específicas sancio- naranse de acordo co establecido na Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia.

Artigo 16. *Réximes especiais por especies.*

1. Caza menor:

a) Arcea común (*Scolopax rusticola*) e becacina cabra (*Gallinago gallinago*): poderase prolongar o período hábil de caza para estas especies ata o día 5 de febreiro de 2012, en terreos cinexéticos de réxime especial e logo da solicitude acompañada dun plan de aproveitamento cinexético aprobado. Establécese para estas dúas especies unha cota de captura de 3 exemplares por cazador e día.

b) Charrela (*Perdix perdix*): queda prohibida a súa caza.

c) Lebre (*Lepus granatensis*): só se autoriza a súa caza, no período hábil comprendido entre o 16 de outubro e o 4 de decembro de 2011, en terreos de réxime cinexético especial.

d) Raposo (*Vulpes vulpes*): no período hábil de caza menor poderase cazar nas distin- tas modalidades de caza menor e en gancho. Poderanse autorizar ganchos para a caza do raposo desde o 28 de agosto de 2011 ata o comezo da tempada regular, e desde o 7 de xaneiro ata o 5 de febreiro do 2012, os xoves, sábados, domingos e festivos en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Paspallás (*Coturnix coturnix*): pódese cazar no período hábil de caza menor. Poderase autorizar a súa caza nos Tecor da antiga lagoa de Antela nos concellos que se relacionan no anexo III desta orde, entre o 20 de agosto e o 11 de setembro de 2011. Autorízase a súa caza os sábados e domingos nas modalidades denominadas en man e ao salto, cun máximo de 15 escopetas por xornada de caza e un máximo de 4 escopetas por cuadrilla, require autorización expresa do Servizo de Conservación da Natureza de Ourense, que, por delegación do director xeral de Conservación da Natureza, poderá recoller medidas especiais para garantir o cumprimento destas condicións, e despois da presentación dun plan técnico de caza que ten que incluír un censo da especie, un cálculo do número de capturas totais e a súa repartición por xornadas de caza, cun máximo de 10 pezas por cazador e día. Os cuarteis de caza autorizados contarán cunha superficie máxima de 1.000 ha e o seu número virá dado en función da superficie útil para a especie, de acordo coa seguinte táboa:

Número de cuarteis autorizados:

2.000 ha<superficie útil para a especie<5.000 ha: 1.

5.000 ha<superficie útil para a especie<10.000 ha: 2.

10.000 ha<superficie útil para a especie: 3.

Só se autoriza a caza desta especie en terreos que teñan realizada a colleita na súa maior parte. No caso de alongarse o período de colleita, o Servizo de Conservación da Natureza de Ourense, por delegación do director xeral de Conservación da Natureza, poderá atrasar o período ata un máximo de tres semanas. Se os atrasos fosen maiores ou os censos efectuados así o aconsellasen, o director xeral de Conservación da Natureza poderá modificar as cotas e os períodos autorizados ou incluso anular o período. Os Tecor deben estar dotados de vixilancia.

f) Pombo torcaz (*Columba palumbus*) e rula común (*Streptopelia turtur*): pódense cazar no período hábil de caza menor. Poderase autorizar a súa caza xunto co paspallás nas mesmas condicións que as reflectidas na alínea e), nos Tecor da antiga lagoa de Antela nos concellos que se relacionan no anexo III desta orde, fixándose unha cota máxima de captura para estas especies e neste período de caza de 5 exemplares por cazador e xornada.

g) Pato cullerete (*Anas clypeata*), rula turca (*Streptopelia decaocto*), gaivota escura (*Larus fuscus*), pomba brava (*Columba livia*), pomba zura (*Columba oenas*) e gralla cereixeira (*Corvus monedula*): queda prohibida a súa caza.

Tordo real (*Turdus pilaris*), tordo galego (*Turdus philomenos*), tordo malvís (*Turdus iliacus*) e tordo charlo (*Turdus viscivorus*): autorízase a súa caza durante o período hábil de caza menor. Prolóngase o período hábil de caza para estas especies ata o día 29 de xaneiro de 2012, na superficie dos Tecor incluída nos concellos de Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Tomiño, O Rosal e Tui da provincia de Pontevedra.

2. Caza maior:

a) Corzo (*Capreolus capreolus*): desde o 28 de agosto e ata o 15 de outubro de 2011 poderanse autorizar as modalidades de gancho, montaría e axexo, os sábados, domingos e festivos para machos adultos e desde o 25 de setembro ata o 15 de outubro, femias adultas en descaste.

Só en casos moi especiais, e con indicación no Plan de Ordenación Cinexética aprobado, poderán autorizarse outras idades.

A autorización do Servizo de Conservación da Natureza fixará o número de pezas máximo que se poderá abater de acordo co plan de aproveitamento. Non se poderán autorizar na mesma mancha un gancho e un axexo simultáneos, nin modalidades de caza maior e menor simultaneamente.

En terreos baixo réxime cinexético especial poderanse cazar os machos de corzo mediante a modalidade de axexo, desde o 1 de abril ata o 31 de xullo de 2012, e poderanse autorizar calquera día da semana.

En terreos incluídos dentro da Reserva de Caza dos Ancares, o período hábil de caza para o corzo na modalidade de axexo será o comprendido entre o 1 de agosto de 2011 e o 15 de setembro de 2011, e poderase realizar o seu aproveitamento calquera día da semana.

b) Xabari (*Sus scrofa*): o período hábil estenderase desde o 20 de agosto de 2011 ata o 19 de febreiro de 2012, nas modalidades de gancho, montaría e espreita, autorizadas segundo o establecido no artigo 12 desta orde.

En terreos de réxime cinexético especial, poderase cazar os xoves, sábados, domingos e festivos.

Así mesmo, mentres se está cazando corzo, cervo, gamo ou muflón ao axexo, dentro dos seus respectivos períodos hábiles, poderase disparar a exemplares de xabari con au-

torización expresa dos servizos de Conservación da Natureza, por delegación do director xeral de Conservación da Natureza, aos cales lles haberá que comunicar os resultados das pezas abatidas de xabaril no prazo máximo de 10 días despois da súa realización.

Queda prohibido realizar, na mesma mancha e xornada, ganchos sobre esta especie e practicar a caza sobre especies de caza menor.

c) Cervo, gamo e muflón (*Cervus elaphus*, *Dama dama* e *Ovis ammon musimon*): o período hábil estenderase na modalidade de axexo unicamente, desde o 11 de setembro ata o 8 de outubro de 2011, sobre machos adultos e femias adultas en descaste e en terreos cinexéticos de réxime especial, logo de autorización dos servizos de Conservación da Natureza, por delegación do director xeral de Conservación da Natureza.

Desde o 9 de outubro de 2011 ata o 19 de febreiro de 2012 os servizos de Conservación da Natureza poderán autorizar, por delegación do director xeral de Conservación da Natureza, as modalidades de gancho, montaría e axexo, os xoves, sábados, domingos e festivos, nos terreos cinexéticos de réxime especial. Esta autorización requirirá a presentación dun plan de aproveitamento cinexético.

d) Cabra montesa (*Capra pyrenaica*): prohíbese a caza desta especie no territorio de Galicia.

e) Rebezo (*Rupicapra pyrenaica*): o período hábil estenderase do 1 de setembro ata o 30 de novembro de 2011, na modalidade de axexo e na Reserva de Caza dos Ancares exclusivamente.

f) Lobo (*Canis lupus*): queda en xeral prohibida a súa caza en Galicia, e poderanse adoptar medidas de control fronte aos danos producidos pola especie, de acordo co reflicto no artigo 13.2º a) desta orde.

Artigo 17. *Terreos en que se prohíbe o exercicio da caza.*

Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza nos terreos recollidos no anexo I desta orde.

Disposición adicional única.

As datas e condicións para presentar o Plan de aproveitamento cinexético anual correspondente á tempada 2011-2012 serán as seguintes:

No caso dos Tecor ou explotacións cinexéticas que teñan vixente ou presentada a renovación do Plan de Ordenación Cinexética, deberán achegar ao correspondente Servizo de Conservación da Natureza o Plan de aproveitamento cinexético anual, no prazo de 20 días, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

No caso daqueles Tecor ou explotacións cinexéticas que non teñen vixente o seu Plan de Ordenación Cinexética e aínda non presentaron a súa renovación, establécese como data límite para a presentación do novo Plan de ordenación cinexética xunto co Plan de aproveitamento cinexético anual, o mes de agosto de 2011.

Disposición derradeira primeira.

Facúltase o director xeral de Conservación da Natureza para modificar o inicio ou o remate dos períodos de caza sinalados, cando haxa razóns especiais que o xustifiquen, así como para ditar as instrucións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda.

Facúltanse os xefes territoriais da Consellería do Medio Rural para autorizar competicións deportivas que afecten a unha soa provincia e ao director xeral de Conservación da Natureza cando afecten a mais dunha ou sexan de carácter nacional.

Disposición derradeira terceira.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2011.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO I

A delimitación gráfica das diferentes zonas nas que se prohíbe o exercicio da caza en cada provincia pódese consultar no Servizo Provincial de Conservación da Natureza corespondente.

Lémbrese con carácter xeral a prohibición de cazar nas zonas de seguridade a que se refire o artigo 5 da Lei 6/2006, do 23 de outubro, que lle dá nova redacción ao artigo 25 da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia.

1. A Coruña:

i) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza no arquipélago de Sálvora, pertencente ao Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

ii) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza no Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, no termo municipal de Ribeira. A delimitación desta zona é a seguinte:

N - Vila de Corrubedo e estrada de acceso a esta desde Artes.

S - Camiño que une a parroquia de Vilar con Liboi ata punta Corveiro.

E - Camiño que comunica as parroquias de Artes e Vilar.

O - Océano Atlántico.

iii) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na zona costeira occidental atlántica do termo municipal de Muros. A delimitación de esta zona, denominada Lagoa de Louro, é a seguinte: camiño público que desde O Acoradoiro sae á estrada AC-550 de Cee a Ribeira; segue por esta estrada ao longo de 200 metros para continuar polo límite do monte Naraío e Tixia e polo camiño a través deste, ata alcanzar a AC-550 pasando polo casarío da Madanela, 80 metros ao longo desta ata o comezo do chamado camiño do monte Louro, límite deste monte entre o camiño e o mar; liña de costa ao longo da praia de Louro ata o porto de Acoradoiro e desde aquí, en liña recta, ata o punto de partida.

iv) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza nas illas Sisargas.

v) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na zona costeira occidental atlántica do termo municipal de Porto do Son. A delimitación desta zona, denominada das lagoas de Xuño e San Pedro de Muro, é a seguinte: río Sieira desde a súa desembocadura no océano Atlántico, río arriba, ata a estrada de Noia a Sta. Uxía de Ribeira (km 52,3). Des-

de este punto ata a encrucillada da estrada de Seráns, pasando por San Pedro de Muro, ata a antiga fábrica de tella. Desde aquí seguindo o camiño que chega ata a punta do cabo Teira séguese pola liña de costa ata a desembocadura do río Sieira.

vi) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na zona costeira occidental atlántica do concello de Ferrol, denominada Lagoa de Doniños. A delimitación desta zona é a seguinte: polo norte, partindo da liña de costa séguese a liña que separa os terreos de uso militar, ata chegar á encrucillada da estrada que vai a Curros e Fontemaior; desde esta encrucillada de estradas séguese pola estrada de Fonta ata chegar á punta Penencia na costa, e desde aquí, pola liña de costa, ata a liña de terreos de uso militar.

vii) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na zona da lagoa da Frouxeira, no concello de Valdoviño. A delimitación desta zona é a seguinte: polo norte desde a punta A Frouxeira, ao longo do areal ou praia da Frouxeira, pola liña de costa ata a liña recta imaxinaria trazada desde a illa Percebelleira ata a estrada que desde Porta do Sol, en Valdoviño, remata na praia. Seguindo por esta estrada ata a estrada de Ferrol a Cedeira e por esta ata o seu cruzamento coa de Ferrol a Valdoviño ata Canto do Muro, pola estrada local da Frouxeira ata a punta A Frouxeira.

viii) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na zona do monte San Xurxo, no concello de Ferrol. A delimitación desta zona é a seguinte: ao norte e oeste co océano Atlántico, ao leste con predios particulares na demarcación parroquial de San Xurxo en que está situado o monte, ao sur con predios particulares e o océano Atlántico.

ix) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na zona do monte Brión, no concello de Ferrol. A delimitación desta zona é a seguinte: polo norte e oeste, demarcación parroquial de Doniños. Ao leste, con propiedades particulares da parroquia de Brión e ao sur con propiedades particulares e o océano Atlántico.

x) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza no encoro de Cecebre. A delimitación desta zona é a seguinte:

N - Desde a presa seguindo pola estrada que une a paraxe de Cecebre con San Román, atravesando os lugares de Seixurra e San Román, ata o cruzamento coa autoestrada do Atlántico.

L - Seguindo a autoestrada ata o quilómetro 17 e continuando por unha pista en terra de servidume daquela, para rematar na presa de formigón sobre o río Mero.

S - Desde o punto anterior seguindo a marxe dereita do río Mero ata a ponte, e continuando pola estrada entre os lugares de Torre, O Covelo, Agrolongo e Orto de Arriba ata

o viaduto do río Barcés, cuxa marxe dereita segue ata o lugar de Táboas, na estrada de Mabegondo a Carral.

O - Seguindo a marxe esquerda do río Barcés ata o viaduto e continuando pola estrada ata a presa do encoro.

xi) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza no encoro de Sabón. A súa delimitación é a seguinte: desde a presa do encoro contiguo á central térmica de Sabón pola estrada de servizo do polígono industrial, deixando o encoro á man esquerda ata o cruzamento da estrada da Coruña a Fisterra. Desde este punto, e seguindo a estrada de servizo do polígono, ata as instalacións industriais de *Silicios de Sabón, S.A.* e presa.

xii) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza nas Brañas de Sada: termo municipal de Sada, parroquia de Sada. Coordenadas: lonxitude 8 15' W, latitude 43 21' N.

xiii) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na ZEPA Es0000086, ría de Ortigueira e Ladrado. A delimitación desta zona é a que figura na Resolución do 30 de abril de 2004, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza (D OG número 95, do 19 de maio), pola que se dispón a publicación, no Diario Oficial de Galicia, da cartografía onde se recollen os límites dos espazos naturais declarados zonas de especial protección dos valores naturais polo Decreto 72/2004, do 2 de abril (*Diario Oficial de Galicia* número 69, do 12 de abril).

Como excepción á prohibición anterior, permítese, logo da autorización do Servizo Provincial de Conservación da Natureza da Coruña, a caza do xabaril mediante as modalidades de caza maior recollidas no artigo 37.1º do Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aprobou o Regulamento de caza de Galicia.

xiv) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza no encoro da Ribeira, termo municipal das Pontes de García Rodríguez. A delimitación desta zona é a seguinte:

N - Marxe do encoro e límite do Tecor C-10. 121 ata 200 m da confluencia do regato Brandián.

L - Bordeando o predio Cabalar a 200 m do cercado e continuando pola marxe dereita do río Eume ata a área recreativa de Caneiro.

S - Desde a área recreativa de Caneiro seguindo o camiño ou pista cara ás Pontes de García Rodríguez ata a confluencia do camiño que baixa ao complexo recreativo de Vilarbó, seguindo este camiño ata as ditas instalacións e despois continuando pola marxe esquerda do encoro, respectando os 200 m de influencia, ata a presa.

O - Desde a presa seguindo a marxe do encoro en Cuíña, Vilarnovo e Maraxón ata pechar o perímetro.

xv) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na ría de Ferrol desde a ponte das Pías ata a desembocadura do Xubia en ambas as dúas marxes.

xvi) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza nas marismas de Baldaio, nos seguintes límites:

N - Océano Atlántico.

S - O camiño desde Rebordelos a Santa Mariña, pasando pola Igrexa, Castrillón, Outeiro, Cambre e Arnados.

L - O camiño desde a praia Pedra do Sal ata Rebordelos.

O - O camiño desde Santa Mariña á punta do Pazo.

xvii) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na enseada de Insua, en Ponteceso, nos seguintes límites:

N - O camiño local de punta Balarés a Cospindo, continuando pola estrada de Corme ata Ponteceso, estrada de Ponteceso a Buño.

S - Estrada de Ponteceso a Laxe, ata o lugar de Canduas.

L - O camiño que vai desde a estrada de Ponteceso a Buño ata o río Anllóns, continuando por este, ata Anllóns de Arriba.

O - A liña que une Canduas, punta Padrón e punta Balarés.

xviii) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na lagoa de Traba, nos seguintes límites:

N - Océano Atlántico.

Leste e sur - Desde punta Arnado seguindo polo camiño en parte, ata enlazar coa última pista de concentración parcelaria, que discorre paralelamente á lagoa en dirección ao lugar de Cernado.

O - Pista asfaltada que une o lugar de Mórdomo coa estrada comarcal de Laxe-Ponte do Porto.

xix) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza no LIC Es1110007 Betanzos-Mandeo. A delimitación desta zona é a que figura na Resolución do 30 de abril de 2004, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza (DOG número 95, do 19 de maio), pola

que se dispón a publicación, no Diario Oficial de Galicia, da cartografía onde se recollen os límites dos espazos naturais declarados zonas de especial protección dos valores naturais polo Decreto 72/2004, do 2 de abril (*Diario Oficial de Galicia* número 69, do 12 de abril).

xx) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na estación cinexética de Cerqueiros en Monfero.

xxi) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na marisma de Carnota na área incluída dentro do perímetro da masa de auga.

xxii) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza no encoro de Vilagudín, nos termos municipais de Cerceda, Ordes e Tordoia, na área incluída dentro dos 200 metros da cota máxima do nivel de auga do encoro.

xxiii) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza no encoro de Vilasenín, nos termos municipais de Cerceda e Ordes, na área incluída dentro dos cinco metros da cota máxima do nivel de auga do encoro.

O Servizo de Conservación da Natureza da Coruña sinalizará os límites territoriais que comprende a prohibición.

xxiv) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza nos montes veciñais en man común Xián, Furiño, Gándara, A Ribeiratorta e Reboredo, das parroquias de Colúns (San Salvador) e Arcos (Santiago), do concello de Mazaricos.

xxv) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza no predio do Mosteiro de Sobrado.

xxvi) Queda prohibido o exercicio da caza na zona seguinte do Barbanza:

Linde O: iníciase na cota 557, que linda os montes de Barbanza de Cures e Barbanza de Nebra, continúa polas cotas 576, 567, 602, 600, 581, 593, 663, 606, 612, 597, e 620 de Barbanza de Nebra, segue polas cotas 622, 616 de Barbanza de Noal, continúa polas cotas 634, 626, 629, 644 e 616 de Barbanza de Baroña, cota que fai límite cos montes de Barbanza de Boiro.

Linde L: da cota 616, límite entre os montes de Barbanza de Baroña e Barbanza de Boiro, cruzando o rego Barazal ata a cota 561 de Barbanza de Boiro, de aquí á fonte de Porto Traveso e ás cotas 562, 572, 576, e 557 de Barbanza de Cures recollendo o inicio do linde O.

xxvii) Queda prohibido o exercicio da caza, nos terreos do concello de Sobrado que abranguen os seguintes límites:

S: desde o quilómetro dous da estrada LC-233 ata a saída do regato da lagoa de Sobrado; séguese o seu curso ata o lugar da Pontepedra.

O: desde A Pontepedra, seguindo a estrada ata o quilómetro 18 da LC-231.

N: pola estrada que vai ao Centro Ictioxénico ata a dita instalación.

L: desde o Centro Ictioxénico, monte a través ata o quilómetro dous da estrada LC-233.

xxviii) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza nas marismas de Dodro.

O Servizo de Conservación da Natureza da Coruña sinalizará os límites territoriais que comprende a prohibición.

2. Lugo:

a) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza nas xunqueiras e ría do Eo; desde a ponte de Porto pola pista que pasa por Mión de Louteiro, ata a altura do km 4,700 da estrada de Vegadeo a Lugo, onde cruza o río Eo; desde este punto quilométrico segue pola citada estrada de Lugo a Vegadeo ata Porto de Abaixo, desde aquí e pola estrada nacional de Santander á Coruña ata Ribadeo, desde aquí pola estrada provincial ata Senra, desde aquí pola pista que chega á punta de costa denominada punta de Penas Brancas.

b) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza no monte propiedade da Comunidade Autónoma de Galicia denominado Fraga Vella, sito nos termos dos concellos de Abadín e Mondoñedo. A delimitación correspondente é a seguinte:

N - Monte de utilidade pública Tremoal e Fraga das Vigas, parroquia de Labrada, do concello de Abadín: Casarío dos Agros e río Fraga Vella.

L - Río Fraga Vella e monte de utilidade pública nº 46-B Braña e Toxiza, da parroquia de Mondoñedo e outras.

S - Monte de utilidade pública nº 43 Coto da Cal, da parroquia de Romariz, do concello de Abadín.

O - Monte de utilidade pública nº 44 Tremoal e Fraga das Vigas, da parroquia de Labrada, do concello de Abadín.

c) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza nos terreos de Espiñeira e lagoa de Cospeito, do concello de Cospeito. A delimitación correspondente é a seguinte:

N - Termo do concello de Vilalba, ata o punto de cruzamento da estrada de Rábade a Montecelos por Cospeito, en Guisande.

L - Estrada de Rábade a Moncelos por Cospeito.

S - Estrada de Rábade a Montecelos por Cospeito, lugar de Feira do Monte e estrada de Cospeito a Vilalba, ata a ponte de Sistallo.

O - Pista da ponte de Sistallo á casa de Angulo da Espiñeira, ata o límite co Concello de Vilalba.

d) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza nos terreos do monte de Veral, propiedade da Comunidade Autónoma de Galicia, parroquia do Veral, concello de Lugo. A delimitación correspondente é a seguinte:

N - Estrada de Lugo a Friol e río Mera.

L - Propiedades particulares da parroquia de San Xoán do Alto.

S - Propiedades de veciños de San Xoán do Alto e camiño de Avelaidas.

O - Río Mera, monte da parroquia do Veral e propiedades dos veciños do Veral.

e) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza no monte Paramedela no concello da Pobra do Brollón. A delimitación correspondente é a seguinte:

N - Monte de Salcedo a Bairán.

L - Monte de Salcedo a Bairán.

S - Monte de Salcedo a Bairán e río Lor, concello de Quiroga.

O - Monte de Salcedo e Bairán e río Loureiro.

f) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza no monte Bibeí, concello de Quiroga. A delimitación correspondente é a seguinte:

N - Monte de Enciñeira.

L - Provincia de Ourense, monte comunal e propiedades particulares.

S - Provincia de Ourense.

O - Río Bibeí, propiedades particulares, regato de Cavados e estrada de Ourense a Ponferrada.

g) Queda prohibido o exercicio da caza na Devesa de Rogueira, sita en Moreda-O Courel, coa seguinte delimitación:

N - Monte e prados en Moreda.

L - Monte de Moreda e de Vieña, ata o pico de Formigueiros.

S - Termo municipal de Quiroga ata Corga de Mosa e monte de Ferreiros ata Pico Polín.

O - Monte de Parada.

h) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na ría de Foz, nos límites territoriais que se sinalan a continuación:

N - Boca da ría desde punta do Cabo ata punta de San Bartolomeu.

L - Desde o punto anterior pola beira leste da praia de Altar á de Tupido, estrada de Viladaide e Áspera e camiño á igrexa de San Cosme de Barreiros, estrada ao Vilar, ferrocarril Ferrol-Xixón ata o camiño de dirección N-S á estrada comarcal 642 de Ferrol por Ortigueira.

S - Estrada C-642, A Espiñeira e Ponte da Espiñeira.

O - Desde a Ponte da Espiñeira, pola estrada C-642 ata Fondós, baixada á punta de Malatel e beira da ría ata punta do Cabo.

i) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na Veiga de Pumar, concello de Castro de Rei. A delimitación correspondente é a seguinte:

N - Termo municipal de Cospeito, pola estrada de Rocelle a Porto do Monte e en liña recta ao Porto de Boraño, no río Miño.

L - Río Miño ata 200 metros augas abaixo da desembocadura do regato de Pumar, na presa de Oroxe, leiras particulares ata o cruzamento da estrada de Xustás a Oroxe.

S - Estrada de Oroxe a Almudia.

O - Estrada de Almudia a Arneiro ata o límite do termo municipal de Castro de Rei.

j) Queda prohibido o exercicio da caza nos terreos que integran as lagoas do Pedroso, parroquias de Pazos e Illán, no termo municipal de Begonte, cos seguintes límites:

N - Pista de acceso desde O Pedroso ata a confluencia co río Ladra.

L - Pista que comunica os lugares de Riocaldo e O Pedroso.

S - Nacional VI.

O - Río Ladra.

3. Ourense:

a) Queda prohibida a caza nas augas e marxes de dominio público do encoro de Castrelo de Miño, nos termos municipais de Ribadavia, Castrelo de Miño e Cenlle, desde os lugares de Sanín e Oleiros ata o encoro.

b) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza no Parque Natural do Invernadoiro, no termo municipal de Vilariño de Conso, de acordo co Decreto 166/99, do 27 de maio, polo que se aproba o PORN.

c) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza en Finca Salgueiros, no termo municipal de Muíños, pertencente ao Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés.

d) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza nas zonas de reserva integral do Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, de acordo co Decreto 27/1993, do 11 de febreiro, en que se declaran como parque natural os citados terreos.

e) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza nos terreos incluídos na zona de influencia de explotación de areas da comarca da Limia, termo municipal de Sandiás, de acordo co plano actualizado do plan de recuperación das areeiras da Limia, realizado polo Servizo Provincial de Conservación da Natureza de Ourense.

f) Queda prohibido o exercicio da caza nos terreos que comprenden o predio da Edreira e Nabuíñas, no termo municipal de Laza.

g) Queda prohibido o exercicio da caza nas zonas de reserva integral do Parque Natural Serra da Enciña da Lastra de acordo co Decreto 77/2002, do 28 de febreiro, polo que se aproba o PORN dese parque.

4. Pontevedra:

a) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza nos arquipélagos de Cíes, Ons e Cortegada, pertencentes ao Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

b) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza nas augas mariñas, illotes e zona litoral de dominio público da enseada de San Simón, formada polo entrante da ría de Vigo ata a ponte de Rande, sobre o estreito de Rande.

c) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza nas augas mariñas, illotes e zona litoral de dominio público así como a zona marítima do complexo intermareal de Umia-O Grove-A Lanzada-punta Bodeira, como consecuencia de que foi declarada polo Consello de Ministros como zona húmida incluída no Convenio Internacional de Ramsar.

d) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza nas zonas norte e sur das Gándaras de Budiño, sitas no concello do Porriño:

N - Estrada que parte da estrada N-550 en dirección a Santo André.

S - Estrada que parte da N-550 en dirección Madanela.

L - N-550 e estrada de acceso ao polígono das Gándaras.

O - A división entre a vexetación da zona húmida e os piñeiros, matogueira e terras de cultivo. Camiño que parte da estrada que marca o límite norte e que atravesa Centeáns, Quintela e chega ata Madanela.

e) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza no encoro de Pontillón do Castro, sito no concello de Pontevedra e cunha superficie de 31,5 ha delimitadas polos seguintes lindeiros:

N - Pista forestal contigua ao encoro.

L - Pista forestal contigua ao encoro que continúa a anterior.

S - Estrada comarcal de Pontevedra ao encoro, desde a confluencia coa pista anterior ata o dique daquel.

O - Liña imaxinaria paralela ao límite dos terreos propiedade do concello de Pontevedra, a unha distancia de 250 m que parte do dique do encoro.

f) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na zona sur da Illa de Arousa, denominada punta de Carreirón, cos seguintes límites:

N - Enseada da Brava e praia de Salinas.

L - Liña de costa.

S - Liña de costa.

O - Liña de costa.

g) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na zona denominada Baixo Miño e illa Canosa, cos seguintes límites:

N - Pola pista que delimita o piñeiral da praia de Camposancos, segue pola faixa aberta polo tendido eléctrico de alta tensión, segue ata o campo de deportes, continúa por toda a zona húmida, desde a pista que sae da Pasaxe ata a ponte do río Tamuxe.

L - Río Tamuxe.

S - Río Miño.

O - Océano Atlántico e punta de Santa Tegra.

h) Illa Canosa e Morraceira do Grilo en toda a súa extensión.

i) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza no Parque Natural do Monte Aloia, en Tui.

j) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na zona de Val Miñor, cos seguintes límites:

N - Estrada PO-340, desde a desviación para Mañufe ata monte Lourido.

S - Estrada de Mañufe á ermida Sta. Marta.

L - Estrada e ponte desde Mañufe á estrada PO-340.

O - Zona marítima desde a ermida de Santa Marta ata os illotes de Garza e monte Lourido.

k) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza na Xunqueira de Alba, no termo municipal de Pontevedra, cos seguintes límites:

N - Pista da ponte das Cabras ata a autoestrada A-9.

S - Río Lérez.

L - Pista desde As Correntes pasando pola ponte do Maxeiro, rúa da Gándara, ata a ponte das Cabras.

O - Autoestrada A-9.

ANEXO II

Relación de especies cazables comercializables no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia

– Aves:

Anas platyrhynchos: pato real

Alectoris rufa: perdiz rubia

Phasianus colchicus: faisán común

Columba palumbus: pombo torcaz

Columba oenas: pomba zura (1)

Coturnix coturnix: paspallás (1)

– Mamíferos:

Lepus granatensis: lebre
Oryctolagus cuniculus: coello
Vulpes vulpes: raposo
Sus scrofa: xabaril
Cervus elaphus: cervo
Capreolus capreolus: corzo
Dama dama: gamo
Ovis ammon musimon: muflón (*)

(1) Só os exemplares procedentes de explotacións industriais

(*) Especie incluída no convenio de Washington

ANEXO III

Concellos da provincia de Ourense que abranguen a antiga lagoa de Antela:

Rairiz de Veiga
Vilar de Santos
Sandiás
Vilar de Barrio
Sarreaus
Xinzo de Limia
Trasmiras
Porqueira
Xunqueira de Ambía

ANEXO IV

Relación de concellos en que se poderán adoptar medidas excepcionais para o control dos danos ocasionados polo xabaril

Arzúa	Baralla	Arnoia (A)	Dozón
Boimorto	Becerreá	Bolo (O)	Lalín
Boqueixón	Carballedo	Larouco	Rodeiro
Cambre	Castroverde	Maceda	
Capela (A)	Chantada	Manzaneda	
Cedeira	Incio (O)	Montederramo	
Cerdido	Láncara	Piñor	
Irixoa	Monforte de Lemos	Ribadavia	
Lousame	Monterroso	Teixeira (A)	
Malpica de Bergantiños	Muras	Viana Do Bolo	
Mañón	Navia de Suarna	Vilamarín	
Melide	Pobra do Brollón (A)		
Negreira	Pol		
Oroso	Portomarín		
Ortigueira	Saviñao (O)		
Oza dos Ríos	Taboada		
Santiso	Vicedo (O)		
Touro			
Valdoviño			
Vilamaior			